

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 24**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ordinaria, continuación da realizada o día 29 de novembro de 2010, que terá lugar o día **13 DE DECEMBRO DE 2010 ás DEZANOVE HORAS**, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **5.- Mocións:**

- 5.1.-** Moción do Grupo municipal do BNG demandando atención e servizos de calidade na sanidade pública. Expte. 64/1101
- 5.2.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia que axilice as obras pendentes de Navia e as reformas precisas no colexio público Alfonso Rodríguez Castelao. Expte. 84/1101.
- 5.3.-** Moción do Grupo municipal Socialista esixindo á Xunta un reparto equilibrado de fondos e conexións aéreas para o aeroporto de Peinador, así como novos voos. Expte. 85/1101.
- 5.4.-** Moción do Grupo municipal Popular instando se solicite ó Ministerio de Fomento o envío por escrito do estado de tramitación e prazos do novo trazado da autovía Vigo-Porriño. Expte. 81/1101.
- 5.5.-** Moción do Grupo municipal Popular instando ao goberno a adopción de medidas relacionadas coa loita contra a violencia de xénero. Expte. 83/1101.

#### **6.- Asuntos urxentes.**

- 6.1.-** Moción do Grupo Municipal do BNG demandando unha nova orde de subvencións para entidades deportivas por parte da Xunta de Galicia. Expte. 75/1101. Aprobada.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**

- 1.1.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 1.2.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 1.3.-** Dar conta de resolución da Alcaldía de data 26 de outubro de nomeamento de presidente e secretario do Tribunal Económico Administrativo.

- 1.4.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 28 de outubro de delegación de funcións no Tenente de Alcalde don Santiago Domínguez Olveira.
- 2.- **Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**
- 3.- **Comparecencias de membros da Corporación.**
- 4.- **Mocións.**
  - 4.1.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao alcalde o apoio e defensa do sector do comercio e hostalería. Expte. 52/1101.
  - 4.2.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao goberno a definir o emprazamento da biblioteca do Estado en Vigo. Expte. 82/1101.
- 4.a. **Mocións urxentes**
- 5.- **Formulación de rogos.**
- 6.- **Formulación de preguntas.**

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, ó abeiro do disposto no art. art. 73.3 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, BOP nº 180, 17-09-2010, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **ORDINARIA**, continuación da realizada o 29 de novembro de 2010, no salón de Plenos ás **DEZANOVE HORAS do día TRECE DE DECEMBRO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Kv

O ALCALDE,

Vigo, 1 de decembro de 2010  
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Mª Concepción Campos Acuña.